

## ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

**DATA DE ENVÍO:** 07/08/2023  
**TIPOLOXÍA:** TEMPERATURAS MÁXIMAS

### NIVEL DE ALERTA: LARANXA

#### ACTUALIZACIÓN METEOALERTA:

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa nos boletíns 203/71GAL e 44/71GAL, dun fenómeno meteorolóxico adverso por TEMPERATURAS MÁXIMAS, nivel AMARELO, que afectará desde o mediodía ata as últimas horas da tarde **do día de hoxe** aos ámbitos xeográficos de MIÑO en Ourense, e MIÑO e RIAS BAIXAS en Pontevedra, podendo acadar temperaturas de ata 36° C.

Para **mañá martes 8 de agosto**, este fenómeno en nivel AMARELO afectará tamén nas horas centrais do día, ás zonas de INTERIOR e SUROESTE de Coruña, SUR de Lugo, NOROESTE, SUR, MONTAÑA e VALDEORRAS en Ourense, e RIAS BAIXAS, INTERIOR e MIÑO en Pontevedra con temperaturas de ata 37°C.

Na zona MIÑO en Ourense, acadará nivel LARANXA, con temperaturas de ata 40°C.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: **ADOPTEN** as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, **ALERTEN** ou **MOBILICEN** aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: [www.aemet.es](http://www.aemet.es), do CIAE 112: [www.axega112.gal](http://www.axega112.gal), e de Meteogalicia: [www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)